Coordinación de Igualdade

# Plan de IGUALDADE

IES DE VILALONGA

1. Introdución
2. Contextualización
   2.1 Xustificación do plan de igualdade e principios inspiradores:
   2.2 Marco normativo:
3. Análise da situación do centro coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia. Detección das necesidades. Diagnóstico.
   3.1 Órganos de participación
   3.2 Formularios
4. Liñas estratéxicas
   4.1 Estereotipos e roles de xénero, actitudes e valores sexistas
   4.2 Uso da linguaxe inclusiva
   4.3 Uso equilibrado de espazos e tempos
   4.4 Materiais didácticos de educación en igualdade
   4.5 O centro: espazo de convivencia, espazo libre de violencias.
   4.6 Prevención, detección e intervención nos casos de LGTIfobia
5. Obxectivos coeducativos
   5.1 Obxectivos relacionados cos estereotipos e roles de xénero.
   5.2 Obxectivos relacionados co uso da linguaxe inclusiva
   5.3 Obxectivos relacionados co uso equilibrado dos espazos e do tempo
   5.4 Obxectivos relacionados co material didáctico inclusivo
   5.5 Obxectivos relacionados coa prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero
   5.6 Obxectivos relacionados coa promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
   5.7 Obxectivos específicos:
      5.7.1 Alumnado.
      5.7.2 Profesorado.
      5.7.3 Familias.
6. Medidas concretas de actuación do Plan de Igualdade do IES de Vilalonga
7. Seguimento e avaliación do plan.
8. Anexos

# 1. INTRODUCIÓN

O avance conseguido nas últimas décadas na igualdade entre homes e mulleres levou á incorporación e participación das mulleres en todas as esferas da vida política, social e cultural. Con todo, estes cambios non sempre viñeron acompañados de novos modelos de relacións entre os xéneros. Aínda que se deron cambios importantes nos modelos de familia, podemos dicir que, mentres o modelo de feminidade tradicional sufriu unha importante transformación, as relacións de poder dominantes na nosa sociedade se seguen manifestando en discriminacións laborais ou na violencia contra as mulleres, a forma máis arcaica de dominación e sometemento.

A educación integral das persoas implica a adquisición dun conxunto de capacidades básicas de tipo cognitivo, emocional e ético. Isto supón que á necesidade incuestionable de educar en habilidades e coñecementos engádese a de educar para unha mellor calidade de vida e para dotar a esta de sentido moral. O sistema educativo debe facerse cargo de crear as condicións necesarias para que a escola potencie as aprendizaxes para a vida afectiva e incorpore o valor e a riqueza que supón a diversidade de modos de ser home e de ser muller que son o substrato imprescindible para establecer unhas relacións baseadas na equidade, o respecto e a corresponsabilidade. Para iso, proponse unha medida integral no propio centro educativo coa implantación dun Plan de Igualdade contextualizado, desde o que se avance cara á equidade de xénero e cara á construción dun modelo educativo non androcéntrico.

O Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, articúlase entorno a 6 eixes de actuación co obxecto de abordar a coeducación e a prevención da violencia machista dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal, baixo o eixe global que consagra o principio de "*a igualdade como valor vertebrador do sistema educativo que contribúe á construción dunha sociedade igualitaria e inclusiva, libre de roles e estereotipos sexistas*". Os eixes vertebradores recollidos neste plan son:

- EIXE 1. Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- EIXE 2. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
- EIXE 3. Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística etc.).
- EIXE 4. Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.
- EIXE 5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

- EIXE 6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiples.

Cada eixe de actuación está subdividido en obxectivos e medidas de actuación que configuran a folla de ruta do Plan de Igualdade do IES de Vilalonga.

# 2. CONTEXTUALIZACIÓN

## 2.1 Xustificación do plan de igualdade e principios inspiradores

Este documento fundaméntase nun conxunto de actuacións, medidas e accións cuxo obxectivo principal é implementar a coeducación na práctica pedagóxica do noso centro educativo.

O seu obxectivo último oriéntase cara a unha transformación das relacións entre homes e mulleres, nun marco máis equitativo superando a xerarquización de xénero e acollendo os principios fundamentais do Plan de Igualdade:

- **Valores democráticos.** A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.
- **Transversalidade.** A perspectiva de xénero integrarase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas.
- **Inclusión.** A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.
- **Igualdade de oportunidades.** O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.
- **Visibilidade.** O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

Nos últimos cursos académicos o centro traballou sobre estes principios de modo que se puxeron en funcionamento materias curriculares en 2º da ESO que abordan a desigualdade e a violencia de xénero de xeito transversal e integral para todo o alumnado. Ademais creouse a Coordinación de Igualdade que traballa no fomento da igualdade e nas actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial. Tamén se pon empeño no traballo transversal desta realidade a través dos departamentos didácticos para todos os niveis e etapas. En relación á comunidade, mantense contacto co Concello de Sanxenxo e o Centro de Información da Muller (CIM), institucións coas que o centro colabora estreitamente tanto nas convocatorias de concursos educativos, como nos eventos relacionados coa igualdade ou os distintos obradoiros formativos nos que participa o alumnado do centro. Con esta formulación, preténdese deconstruír e desenmascarar os erros transmitidos dende a infancia e os elementos claves para fomentar a igualdade, a coeducación e a prevención da violencia de xénero, imprescindibles para posibilitar o logro dun mundo igual en dereitos e oportunidades para mulleres e homes.

## 2.2 Marco normativo

- A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.
- No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a *Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015* considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.
- No ámbito estatal o preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, pon de manifesto que un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos edas liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.
- No ámbito autonómico o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:

  *Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade.*

  *Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes.*

  *Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos.*

  *Artigo 23. Actitudes.*

  *Artigo 24. Formación do persoal docente.*

  *Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA*

  *Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade.*

## 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA. DETECCIÓN DAS NECESIDADES. DIAGNÓSTICO

Para concretar obxectivos e actuacións que corrixan as desigualdades que se producen tanto na práctica docente como na organización escolar do noso centro, fíxose un diagnóstico no curso 2021-22. O obxectivo é avanzar na construción de contornas educativas igualitarias, libres de estereotipos sexistas e que nos leven a elaborar o Plan de Igualdade do centro.

Os instrumentos utilizados para a avaliación inicial son aspectos cotiáns da actividade educativa, como a análise do número de homes e mulleres que compoñen os sectores da comunidade educativa do instituto; a observación do uso da linguaxe escrita nos documentos oficiais; o resultado das enquisas para coñecer e valorar as opinións que teñen o alumnado, familias e profesorado sobre o uso da linguaxe sexista; as actitudes das persoas do centro; determinar se o uso dos espazos e do tempo é diferente entre alumnos e alumnas; se o material e recursos utilizados son inclusivos e se detectan algunha manifestación da violencia de xénero ou de LGTBIfobia nas aulas, etc.

Nas enquisas participou o alumnado que cursa a etapa da ESO; pais e/ou nais (ou persoas titoras legais) e profesorado de todos os niveis. Recibíronse 288 enquisas que foron contestadas de forma voluntaria e anónima. Do alumnado do centro recolléronse 182 respostas, das cales 84 identificáronse como alumnas, 79 como alumnos e 19 persoas con outras identidades de xénero. De todas as familias, contestáronse 76 formularios, 64 corresponden a mulleres e 10 a homes. O profesorado presentou 30 respostas, 19 achegadas por profesoras e 11 por profesores.

Resaltar que os datos ofrecen unha información representativa do alumnado da ESO cun 68% de participación pero non é completa no caso do profesorado posto que a súa participación representa o 43% e o das familias un 28%. A participación das mulleres en todos os sectores (salvo no alumnado) practicamente duplica á dos homes e no caso das familias, triplícase. Esta casuística xa é indicativa da necesidade dun Plan de Igualdade no centro. Débese trasladar a coeducación á cotiandade do centro para educar con e para a igualdade.

Os formularios e os resultados recóllense nos Anexos I e II deste documento. Incluíronse moitos ítems para a realización do diagnóstico, polo que ao longo da redacción deste documento faise referencia frecuente ás respostas destas enquisas.

Cabe advertir que as persoas que realizamos o Plan de Igualdade e expuxemos os formularios carecemos da formación necesaria para desenvolvelos e interpretalos correctamente; seguramente algunhas das preguntas non fosen concluíntes.

### 3.1 Órganos de participación

1. **ALUMNADO**

1.1 ALUMNADO DE SECUNDARIA

| Número de alumnado | Mulleres | Homes |
|---|---|---|
| 1º ESO. | 27 | 44 |
| 2º ESO. | 28 | 40 |
| 3º ESO. | 31 | 36 |
| 4º ESO. | 25 | 33 |

1.2 ALUMNADO DE BACHARELATO

| Número de alumnado | Mulleres | Homes |
|---|---|---|
| CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES | 69 | 45 |
| CIENCIAS | 71 | 67 |

1.3 ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

| Número de alumnado | Mulleres | Homes |
|---|---|---|
| FP BÁSICA SERVICIOS ADMINISTRATIVOS | 10 | 10 |
| FP BÁSICA MANTEMENTO DE VEHÍCULOS | 1 | 35 |
| CM XESTIÓN ADMINISTRATIVA | 19 | 18 |
| CM ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS | 3 | 43 |
| CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS | 17 | 27 |

Os datos mostran que o ensino secundario obrigatorio (ESO) do noso instituto é cursada por un número maior de alumnos que de alumnas, especialmente no primeiro ciclo. Con todo, en bacharelato (BACH) obsérvase unha maior presenza feminina tanto na modalidade de Ciencias como na de Humanidades.
Nos ciclos de Formación Profesional de mantemento de vehículos a matricula de alumnos representa un 96% do total fronte o 4% de alumnas, o que evidencia a profunda fenda de xénero desta rama formativa. No caso dos ciclos de Formación Profesional de Servizos Administrativos, existe un equilibrio entre o número de alumnas e alumnos matriculados.

**2. EQUIPO DIRECTIVO E CLAUSTRO**

| Composición do equipo directivo e profesorado | Mulleres | Homes |
|---|---|---|
| Dirección do centro | 1 | 1 |
| Xefatura de estudos | 2 | 0 |
| Secretaría | 1 | 0 |
| Composición do claustro | 44 | 25 |
| Comisión de Coordinación Pedagóxica | 17 | 10 |
| Xefaturas de Departamento | 12 | 6 |
| Coordinación Normalización Lingüística | 1 | 0 |
| Coordinación TIC | 0 | 1 |
| Coordinación do equipo de igualdade | 1 | 0 |

| | | |
|---|---|---|
| Coordinación Biblioteca | 1 | 0 |

A composición e distribución dos órganos de decisión do instituto faise de forma equitativa entre mulleres e homes, os datos mostran maior presencia feminina salvo na dirección do centro. En canto á composición do claustro, obsérvase unha clara feminización dos docentes no centro, sendo case o dobre de profesoras que de profesores. Esta proporcionalidade tamén se mantén tanto na composición da CCP como nas nas Xefaturas de Departamento.

## 3. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN E REPRESENTACIÓN

| Órganos de representación e participación | Mulleres | Homes |
|---|---|---|
| NÚMERO DE REPRESENTANTES NO CONSELLO ESCOLAR | 13 | 7 |
| NÚMERO DE DELEGADAS/OS DE CURSO | 6 | 25 |

Obsérvase un claro predominio de mulleres dentro do Consello Escolar e, paradoxicamente, un predominio absoluto de alumnos que chegan a ser escollidos delegados de clase. As fendas de xénero son novamente evidentes.

| Composición do Consello Escolar | Mulleres | Homes |
|---|---|---|
| REPRESENTANTE DO PROFESORADO | 7 | 4 |
| REPRESENTANTE DO ALUMNADO | 2 | 2 |
| REPRESENTANTE DAS FAMILIAS | 3 | 0 |
| OUTRAS PERSOAS REPRESENTANTES | 1 | 1 |

Na composición do Consello Escolar o número de mulleres case duplica ao número de homes.

| Composición do persoal de administración e servizos | Mulleres | Homes |
|---|---|---|
| PERSOAL ADMINISTRATIVO E DE SECRETARÍA | 2 | 0 |
| CONSERXERÍA | 2 | 1 |
| LIMPEZA DO CENTRO | 4 | 0 |

As persoas que traballan na área de administración e servizos son mulleres salvo nun caso.

| Asociación de pais e nais | Mulleres | Homes |
|---|---|---|
| NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS | - | - |
| PRESIDENCIA | 1 | O |

Non se puido estimar o número de persoas socias da AMPA. A presidencia da xunta directiva é unha muller.

### 3.2 Análise dos formularios

## Estereotipos e roles de xénero, actitudes e valoras sexistas

Existen indicadores que axudan a indagar no sexismo escolar e que non falan dunha tendencia inconsciente na atención. Altable (1993) analizou os procesos de construción do xénero na escola e define o currículo como "*o conxunto de normas e de valores inconscientes de conduta, aprendidas na primeira infancia e perpetuadas despois na escola a través dos contidos e, sobre todo, a través dos comportamentos, actitudes, xestos e expectativas diferentes do profesorado respecto das alumnas e dos alumnos*". O currículo oculto é un dos xeradores e perpetuadores do sexismo naturalizado nas escolas e institutos e xera o que se denomina "clima sexista escolar".

A percepción do alumnado neste sentido é clara: os datos reflicten que o alumnado recoñece na figura do home maior protagonismo e participación, por exemplo, á hora de elixir delegado/a de clase, cando se piden voluntarios/a ou á hora de definir quen é a persoa líder da aula. A maioría das persoas que realizaron a enquisa considera que as alumnas son máis traballadoras e responsables que os alumnos, e que os alumnos resolven antes as cuestións prácticas e son máis inquietos ca elas. O alumnado reflicte o interiorizado que ten certos estereotipos asociados ao xénero ao concluír que o home é mellor intelectualmente mentres que elas son máis traballadoras e tranquilas.

A percepción do profesorado neste sentido é diferente. Aínda que o 93% do profesorado participante recoñece non establecer diferenzas entre alumnas e alumnos, 5 de cada 10 profesores/as afirma que as alumnas son máis traballadoras que os alumnos, que os alumnos son máis revoltosos que as alumnas e que, por norma xeral, os alumnos xeran máis conflitos ca elas. A estimación de 50/50 tamén se manifesta ao preguntar sobre quen fai as tarefas de limpeza e ordena aula ou se as alumnas trasladan obxectos pesados se é o caso.

Pese a que o 90% do profesorado participante afirma incorporar o principio de igualdade na súa labor docente, o 63% non está de acordo con que "*a escola segue a reproducir o sexismo no currículo, no uso dos espazos e do tempo, na reprodución de estereotipos de xénero e no uso da linguaxe, reproducindo desigualdade entre homes e mulleres*", o que denota a necesidade de formación en materia de igualdade entre o profesorado. Semella que o profesorado non se cuestiona en profundidade a transmisión do sexismo, seguramente porque ademais de sutil, en aparencia non afecta á ensinanza. Pero o certo é que as condutas submisas (maioritariamente rapazas) non molestan aparentemente tanto como as agresivas (maioritariamente rapaces), pero son igualmente negativas para o desenvolvemento persoal e da clase, pois forman parte do currículo oculto sobre o que dende hai tempo nos advirten sociólogos, pedagogos e antropólogos[1]. Stanwworth (1981) demostrou que na clase, os docentes reproducen o sistema xerárquico de divisións e clasificacións de xénero, non o cuestionan senón que o reforzan, o que ocorre a pesar de que no discurso propician a igualdade entre os sexos. Estas condutas danse de forma invisible pero de maneira eficiente.

1 Juan Carlos Castelló Meliá "Tópicos e formas do sexismo", 2008.

O 76% das familias afirman que non ensinan de maneira diferente aos seus fillos/as en función do seu sexo e 7 de cada 10 persoas considera que á hora de saír ou xogar os seus fillos/as teñen a mesma liberdade. Máis do 90% non coñece ningún caso de discriminación por motivos de xénero dentro do centro. Outro aspecto que se avaliou a través das enquisas, son a identificación de roles xeralmente estereotipados durante moito tempo. As respostas das familias que participaron, mostran unhas xeracións actuais moito máis tolerantes, onde as tarefas dos espazos domésticos e laborais están máis equilibradas salvo en notables excepcións como que mercar a roupa dos fillos/as recae nun 72% das nais, as labores da prancha recae nun 82% das mulleres ou que ás citas de titoría no centro acoden o 79% das nais.

## Uso da linguaxe inclusiva

Ata épocas recentes, utilizábase o xénero masculino tanto en singular como en plural como unha regra consensuada que integraba homes e mulleres. Posteriormente, creuse conveniente eliminar o masculino xenérico porque este tipo de linguaxe exclúe as mulleres e invisibiliza a existencia destas. Con todo, polo costume do seu uso, porque algunhas persoas o xustifican como economía de linguaxe etc., aínda está moi presente no día a día das comunidades educativas, tanto a nivel escrito como oral.

A observación da linguaxe falada no centro é moi complicada. Para recoller obxectivamente o número de veces que o profesorado se dirixe aos alumnos ou ás alumnas; o uso de expresións estereotipadas; rexistrar o número e tipo de amoestacións; a frecuencia no uso de diminutivos ou aumentativos.... require a gravación da clase mediante un soporte audiovisual para analizar o uso que fai a persoa que a imparte e tamén do alumnado. A presenza doutras persoas na aula para a toma de datos fai difícil que a sesión se desenvolva de forma natural, espontánea e efectiva. Por todo iso, esta información contemplouse nalgunhas preguntas das enquisas de diagnóstico do noso instituto.

Os datos obtidos non son concluíntes en canto ao uso da linguaxe inclusiva dentro da aula pois o alumnado non ten unha clara percepción de se o profesorado utiliza o masculino xenérico ou non. Porén, o profesorado afirma utilizar os dous xéneros para referirse ao alumnado dentro da aula. Si son coincidentes as respostas do alumando e profesorado en canto a que o profesorado non utiliza diminutivos ou aumentativos para referirse ao alumnado na aula.

A observación da linguaxe escrita tamén se fixo respecto ás carteleiras do centro, as comunicacións que se envían ás familias e a documentación oficial do centro. Os datos recolleitos nos diferentes ámbitos detállanse a continuación:

- As carteleiras do centro (dirección, xefatura, conserxería, secretaría e conserxería): a linguaxe usada para definir os espazos do centro é neutro.

  Neste apartado, incluímos o feito de que os baños utilizados polas profesoras están recubertos de azulexos de cor rosa mentres que os baños utilizados polos profesores están recubertos de azulexos de cor azul.
- As notas que envía o centro (boletíns, convocatorias de reunións, autorizacións, escritos dirixidos ao alumnado e familias, informes do profesorado etc): úsase, polo xeral, indistintamente o substantivo colectivo ou faise referencia expresa ao feminino e masculino. O 30% do profesorado

consultado, afirma que se fai un uso sexista da linguaxe nas comunicacións do centro pois utilízase en documentos e notificacións o masculino como xenérico (por exemplo nas contrasinais dos ordenadores e nas comunicacións internas do profesorado) e moito máis cando se emprega en plural.

- A documentación do centro (actas, Programación Xeral Anual, Programacións Didácticas,...): no material revisado, obsérvase un uso xeneralizado da linguaxe neutra e o uso do masculino e feminino. Pero en todos eles, nalgún parágrafo hai uso do masculino como xenérico.

A linguaxe non é unha mera ferramenta mediante a cal expresamos e comunicamos os nosos pensamentos. A linguaxe constrúe o noso pensamento e a través del entendemos o mundo e construímos e estendemos a nosa cultura. O uso de determinadas palabras ou a omisión destas para definir e dirixirnos a determinados colectivos pode contribuír a súa invisibilización ou, pola contra, a potenciar o seu recoñecemento e identificación. O uso dunha linguaxe non discriminatoria, tanto na linguaxe oral coma na escrita, reflicte os valores da devandita sociedade.

A pesar do esforzo patente observado para eliminar o masculino como identificador de home e muller na documentación e textos revisados, aínda aparece nalgunhas comunicacións e materiais. Débese, pois, continuar traballando para evitar o sexismo na linguaxe; evitar a discriminación; asegurar a visibilidade equitativa de mulleres e homes no discurso e, ao mesmo tempo, producir textos que se guíen polos principios de lexibilidade, claridade e simplicidade.
Por iso aconséllase usar os substantivos epicenos, colectivos e abstractos, así como das construcións parafrásticas, como alternativa aos masculinos plurais para referirse, de modo sintético e preciso, a grupos mixtos de mulleres e homes. Tamén se pode recorrer, na lingua escrita, a desdobramentos mediante procedementos gráficos normativos (a barra e o guión) ou outros de tipo alternativo-reivindicativo (a arroba e o xe) para sortear o emprego de nomes de persoas masculinos dunha maneira sintética e concentrada; dependerá do contexto.

Conscientes da dificultade de eliminar estes hábitos do mal uso da linguaxe moi consolidados no tempo, sería moi positiva a formación para toda a comunidade educativa mediante cursos de formación.

## Uso equilibrado dos espazos e do tempo

A análise do uso dos espazos e do tempo axuda a identificar se as relacións entre o alumnado feminino e masculino é similar ou reflicten signos de discriminación dun sexo fronte a outro. Para comprobar esta situación fíxose unha observación directa no patio e valoráronse algunhas das preguntas da enquisa inicial. Tradicionalmente, a maioría dos patios estruturáronse ao redor dun ou dous espazos centrais onde predomina o fútbol ao que xogan os rapaces mentres que as rapazas son desprazadas a ocupar as zonas ao redor destes, falando ou realizando actividades máis estáticas.
Obsérvase que se crean xeralmente grupos do mesmo sexo, e excepcionalmente danse parellas mixtas. A segregación sexista no primeiro ciclo é evidente. Frecuentemente, os rapaces entreténense con xogos de

maior movemento corporal, ás veces de demostración de forza física pero sen agresións. Polo xeral, os rapaces son máis competitivos no xogo e é nula a presenza de rapazas nestas competicións deportivas.
Nos cursos superiores a 2ºESO, os momentos do patio son aproveitados para falar, con nulo ou escaso movemento corporal e aínda que a maioría dos grupos son do mesmo sexo xa existen algúns mixtos. Chama a atención que no uso "privado" da palabra tanto uns como as outras refírense á comunicación feminina non como unha conversa, un diálogo ou discusión, senón que están "rexoubando" ou "criticando" tal e como reflicten nos formularios.
Os datos recollidos nas enquisas de diagnóstico do alumnado demostran unha polarización absoluta entre ambos xéneros, pois estímase que case a totalidade dos alumnos recoñecen pasar o tempo de recreo xogando ao fútbol e case a totalidade das alumnas afirman adicar o tempo de recreo a pasear e a falar. Estes datos poden extrapolarse ás actividades extraescolares que realizan unhas e outros, se ben é certo que hai rapazas que practican deporte fóra do horario escolar este é considerablemente inferior ao número de alumnos que practican deporte habitualmente.

É conveniente intervir no patio desde unha perspectiva de xénero mediante novas propostas de ocio como competicións deportivas mixtas, graffitis e debuxos etc. Dinamizar as zonas de xardín e as áreas verdes resulta fundamental para que o alumnado poida realizar actividades básicas sen distinción de xénero. Outra liña de actuación para desenvolver o Plan de Igualdade é mellorar e promocionar o espazo físico do patio cuberto con actividades de sensibilización, difusión e concienciación propostas pola Coordinación de Igualdade e de Convivencia.

Aínda que nin alumnado nin o profesorado perciben fenda de xénero no uso do espazo da biblioteca entre as persoas usuarias, o certo é que tanto o uso dos ordenadores como das cadeiras de brazos durante os recreos son ocupados exclusivamente polos rapaces. As alumnas acoden á biblioteca para facer deberes ou para o préstamo de libros, ocupando as mesas das dúas salas.
Na biblioteca hai material sobre coeducación que debe ser regularmente actualizado e complementado con outros máis lúdicos para o uso do alumnado e profesorado tanto para os recreos como para facilitar na hora de lectura semanal ou nos clubs de lectura.

Resulta necesario continuar con esta observación en próximos cursos e propor alternativas ao alumnado para evitar que se volvan a reproducir os roles tradicionais onde é o alumnado masculino o que ocupou as zonas principais destes espazos de lecer.

## Materiais didácticos e de educación en igualdade

Nas enquisas de diagnóstico inicial o alumnado e o profesorado, responde maioritariamente que non perciben que exista maior predominio de personaxes femininos ou masculinos nos materiais escolares ou que non se lles conceda maior importancia a uns fronte as outras; o que visibiliza a aceptación como "natural" deste tipo de desigualdades. O 47,7% do profesorado participante responde que nos libros de texto non se nomea a homes e mulleres e só o 30% considera que hai referentes femininos nos libros de

texto. Entorno a un 70% do profesorado afirma facer un tratamento transversal da igualdade nas materias que imparte fronte a un 30% que recoñece non traballar a igualdade de xénero ou só puntualmente.

No curso 2021-22 non se revisou coa axuda do alumnado o material didáctico na aula. Considérase necesario que no vindeiro curso se realice nas horas de titoría unhas fichas nas que o alumnado vaia completando e revisando o contido (textos, imaxes etc.) que permitan determinar se ofrecen imaxes estereotipadas ou sexistas, o tipo de linguaxe empregada etc.

En xeral, pódese concluír que os materiais educativos tenden a reducir o enfoque sexista que reproduce roles e estereotipos de xénero nos seus contidos; pero o profesorado debería matizar os que continúan aparecendo e introducir máis referentes femininos para contrarrestar o imaxinario social imperante onde é o xénero masculino o que se presenta como produtor de ciencia e coñecemento.

## O centro: espazo de convivencia, espazo libre de violencias

Tal e como defende Castelló Meliá nas súas publicacións sobre os tópicos e o sexismo no sistema educativo, a forma principal de manifestar todo tipo de sexismo é a microviolencia que adopta formas diferentes para naturalizarse ou normalizarse e pasar así desapercibidas. Estas condutas pódense comprobar ao deixar claro quen manda dentro da aula, en culpabilizar a vítima, nos insultos e faltas de respecto ou en xustificar a violencia. Outras estratexias microsexistas son a anulación puntual, a invisibilización, a prioridade de bens comúns, a infravaloración emocional etc. análogas á violencia de xénero pero contextualizadas no ámbito escolar.

Se ben é certo que hai que analizar estas manifestacións da violencia en futuras revisións ao Plan de Igualdade do centro, no curso 2021/22 o 29,3% do alumnado afirma ter sufrido bromas sexistas e o 37% que o agresor é unha persoa violenta fronte a un 23% que considera que o agresor é unha persoa valente, forte e segura de si mesma. O 67% do alumnado pensa que non se pode usar a violencia sobre alguén que queres pero o 32% considera que si está xustificado o uso da violencia ou dependendo das circunstancias.

Outros resultados esclarecedores son que para aproximadamente o 30% do alumnado da ESO a violencia de xénero non é a forma máis cruel de desigualdade ou que os celos son unha mostra máis de amor.
Boa parte do alumnado, arredor do 70%, confunden a loita de sexos coa loita feminista (ao igual que o 40% das familias participantes) e a metade das familias e do alumando tampouco teñen claro se o feminismo persegue a igualdade entre homes e mulleres.

Tamén cren que a igualdade de xénero non é tan beneficiosa como parece, xa que as mulleres acostuman percibir a superación do sexismo como unha ganancia mentres que os homes tenden a percibila como unha perda cando se lles pregunta máis alá do politicamente correcto.
Por último, proponse para o vindeiro curso a análise dos conflitos que constitúen moitas das consultas do alumnado ao Departamento de Orientación, pois están baseadas nas inquedanzas e malestar que sofre o

alumnado nas relacións de parella ao responder á asunción dos mitos do amor romántico como forma de entender o amor.

Como proposta de mellora, proponse adestrar a mirada con perspectiva de xénero porque o sexismo escolar é invisible. Hoxe só se identifica o acoso sexual, pero o resto de violencias pasan desapercibidas deixando o camiño franco para a violencia escolar que é un modo de violencia sexista.

### Prevención, detección e intervención nos casos de LGTBI fobia

Nas enquisas preguntouse pola frecuencia ou non de comentarios homófobos no centro. A metade do alumnado recoñece presenciar este tipo de situacións na súa contorna e un 16% afirma ter sufrido agresións por ser ou parecer do colectivo LGTBI (un 14% responde NS/NC).
A visibilidade do colectivo LGTBI perdeuse durante os anos da pandemia. Co obxectivo de combater os prexuízos LGBTIfóbicos existentes aínda que agochados e silenciados e que constitúen a base de condutas discriminatorias que poden culminar en situacións de violencia de xénero, acoso escolar homofóbico e delitos de odio, proponse a recuperación do grupo de apoio ao alumnado LGTBIQA+ "*Iguais na diversidade*". Trátase dun grupo voluntario de alumnado implicado no desenvolvemento de competencias cognitivas e emocionais en grupo, de forma cooperativa, sobre un modelo positivo de sensibilización, empatía e empoderamento do alumnado LGBTIQA+ como estratexia preventiva e disuasoria de condutas de acoso e violencia. Proponse darlle continuidade ao grupo de apoio creado no curso 2019/ 20 no que se traballou o recoñecemento da outra persoa, a empatía e a comunicación; ofrecendo apoio, acompañamento, resolución de conflitos e seguridade ao alumnado LGBTIQA+ e así fomentar a inclusión e mellorar o clima de convivencia, liberdade e respecto no centro.

# 4. LIÑAS ESTRATÉXICAS

## 4.1 Estereotipos e roles de xénero, actitudes e valores sexistas

O obxectivo que se persegue coa proposta de principios orientadores baixo esta liña de estratéxica é a exclusión, no ámbito educativo, daqueles valores e actitudes que tradicionalmente propiciaron unha invisibilización das mulleres, primando os valores masculinos. Baixo esta liña de actuación trátase de substituír eses estereotipos, tan arraigados no imaxinario da nosa sociedade, por uns valores nos que homes e mulleres sexan igualmente valorados e valoradas, cada cal na súa diferenza, a través do recoñecemento á mesma e o respecto.

## 4.2 Uso da linguaxe inclusiva

A linguaxe inclusiva e non sexista é un dos valores nos que debe estar baseado calquera modelo de intervención educativa. Por iso, dentro desta liña de actuación estratéxica trataranse de visibilizar as situacións nas que se fai un uso sexista da linguaxe para concienciar á comunidade educativa e explicar as consecuencias que, aínda que parecen non ter importancia, supoñen os usos deste tipo de linguaxe.

## 4.3 Uso equilibrado de espazos e tempos

O uso equilibrado de espazos e tempos ten unha importancia fundamental á hora de evitar situacións de desigualdade que comportan situacións de discriminación. Por iso, faise necesario incidir neste eixe

estratéxico a través da planificación de actividades que vaian dirixidas, dentro do ámbito escolar e fóra del, ao uso compartido e equitativo de espazos de modo que tanto alumnos como alumnas poidan exercer os seus dereitos e desenvolver as súas capacidades plenamente sen restricións de ningún tipo.

### 4.4 Materiais didácticos de educación en igualdade

Unha das liñas estratéxicas fundamentais para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é a introdución de materiais educativos neutros, libres de estereotipos e valores sexistas e que eviten a reprodución do tradicional modelo que provoca a desigualdade entre os sexos.

### 4.5 O centro: espazo de convivencia, espazo libre de violencias

O principio de non violencia aséntase no respecto á diferenza e na aplicación de métodos de solución pacífica de conflitos. Para iso, esta liña estratéxica busca incidir sobre as situacións de violencia en xeral no centro educativo con especial atención á violencia de xénero.

### 4.6 Prevención, detección e intervención nos casos de LGTIfobia

En cumprimento da lexislación vixente, incorporarase a realidade LGTBI nos contidos transversais nas materias que procedan, escoitarase a organizacións e colectivos LGTBI e realizaranse actividades orientadas á prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero de calquera membro da comunidade educativa.

## 5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

### 5.1 Obxectivos relacionados cos estereotipos e roles de xénero

- Educar desde a igualdade, na diferenza, facendo entender que as diferenzas de sexo non condicionan as capacidades das persoas.
- Poñer en alza valores tradicionalmente femininos como a cooperación, o apoio ás persoas etc, á vez que deixan de sobrevalorarse outras actitudes tradicionalmente masculinas e que en determinadas ocasións son negativas: a competitividade, a violencia e agresividade etc.
- Potenciar un desenvolvemento do alumnado libre de estereotipos e roles de xénero, evitando reproducir estes durante a actividade docente.
- Valorar do mesmo xeito a homes e mulleres, non expresando diferentes expectativas segundo o xénero do alumnado; valorando por igual o feito de ser home e o de ser muller.
- Proporcionar información sobre Igualdade e diversidade aos distintos departamentos e potenciar que se desenvolvan actividades relacionadas con esta temática desde todas as materias
- Traballar en coordinación co departamento de Orientación para integrar a perspectiva de xénero no Plan de Acción Titorial.
- Orientar o alumnado vocacional e profesionalmente evitando que a súa elección estea motivada por convencionalismos ou roles de xénero tradicionalmente aceptados.

### 5.2 Obxectivos relacionados co uso da linguaxe inclusiva

- Concienciar sobre o uso xeralizado da linguaxe sexista na sociedade.

- Sensibilizar sobre as consecuencias do uso da linguaxe sexista.
- Fomentar formas de expresión para que fagan uso da linguaxe inclusiva.
- Coidar o uso da linguaxe inclusiva non só nas aulas, senón tamén en espazos comúns e na linguaxe utilizada na documentación elaborada polo centro, recoñecendo, para iso, a necesidade de que as alumnas se sintan recoñecidas na linguaxe usada.
- Expresar as mensaxes, tanto orais como escritas que vaian dirixidas á comunidade educativa en linguaxe neutra que represente a ambos os sexos.

## 5.3 Obxectivos relacionados co uso equilibrado dos espazos e do tempo

- Incorporar o principio de igualdade no funcionamento do centro, en especial no regulamento de funcionamento interno do mesmo.
- Readaptar a organización do centro para levar a cabo unha implantación da Educación en Igualdade dunha maneira eficaz.
- Fomentar a participación por parte de toda a comunidade educativa en actividades realizadas no centro e fóra del (actividades para o día da paz, día do libro, día contra a violencia das mulleres etc.)
- Promocionar que a participación en actividades voluntarias do centro non se leve a cabo en función do sexo, expondo actividades que motiven tanto a alumnos como a alumnas).
- Visibilizar a presenza e achega das mulleres en espazos e actuacións propias do centro (cartelería e outro tipo de sinalización, exposicións, actividades, días conmemorativos, festas etc.).
- Promocionar actividades físico-deportivas que requiran a participación conxunta de alumnos e alumnas.
- Fomentar a participación das alumnas en actividades físico-deportivas colectivas organizadas evitando o abandono temperán das mesmas.
- Valorar do mesmo xeito as actividades derivadas da esfera pública e aquelas derivadas da esfera privada.

## 5.4 Obxectivos relacionados co material didáctico inclusivo

- Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes no proxecto educativo de centro e especialmente nos contidos do currículo (tanto formal como oculto).
- Seleccionar libros de texto e outros materiais didácticos en función de criterios que respecten o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fomentando o uso de todos aqueles materiais que sexan de tipo inclusivo, libres de sexismo.
- Visibilizar ás mulleres ilustres nos contidos didácticos, nomeándoas e poñendo en valor a súa figura en igualdade de condicións cos homes.
- Incorporar ao currículo aqueles contidos e saberes relacionados co ámbito privado, de modo que sexan coñecidos tanto por alumnos como por alumnas.

## 5.5 Obxectivos relacionados coa prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Crear unha metodoloxía pedagóxica que favoreza a interrelación entre alumnos e alumnas e

que estea baseada no respecto á diferenza.

- Motivar e dinamizar ao grupo sobre a violencia de xénero de modo que se preveñan este tipo de actuacións.
- Dar a coñecer entre o profesorado, alumnado e familias da *Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo* (Xunta de Galicia)
- Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalecen no instituto e modificalas.

## 5.6 Obxectivos relacionados coa promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Ofrecer orientacións e pautas para o alumnado non conforme coa súa identidade de xénero, se os houber, garantindo o libre desenvolvemento da súa personalidade.
- Establecer relacións con organismos e asociacións que nos axuden na a realización de actividades en días sinalados coa diversidade afectivo sexual.
- Informar a todos os membros da comunidade escolar (profesorado, alumnado, familias) sobre as convocatorias e actividades que se propoñan desde as institucións que traballan a Igualdade de Xénero e fomentar a participación nelas.
- Dar a coñecer entre o profesorado, alumnado e familias o Protocolo de Identidade de xénero (Xunta de Galicia).

## 5.7 Obxectivos específicos

### 5.7.1 Alumnado

- Visualizar as diferenzas sexistas que existían no centro en particular e na sociedade en xeral coa finalidade de recoñecelas e manter unha actitude crítica e reflexiva para poder superalas.
- Tentar que todo o alumnado participe de forma equitativa, construtiva e solidaria nas actividades grupais, na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e funcións en función do sexo.
    - Realizar a repartición equilibrada de cargos, funcións e tarefas.
    - Practicar a corresponsabilidade nas tarefas da casa e en todos os ámbitos da súa vida.
    - Elixir e coñecer o perfil académico e laboral sen ter en conta o xénero.
    - Detectar posibles indicios de violencia de xénero e actuar de forma responsable.
    - Axudar e ensinar na resolución de conflitos sen violencias.
    - Sensibilizar ao alumnado coa identidade de xénero das persoas na súa contorna.

### 5.7.2 Profesorado

- Reflexionar sobre as prácticas e as actitudes sexistas involuntarias e que poden influír no alumnado e poden ser modificadas.
- Sensibilizar o profesorado da necesidade de realizar cambios que permitan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Fomentar a participación equilibrada do alumnado nos órganos de representación e decisión do IES.
- Colaborar na implementación e seguimento do Plan de igualdade.
- Detectar indicios non igualitarios no alumnado por razón de xénero.

- Incluír a perspectiva de xénero nas programacións de todos os departamentos didácticos.
- Facer uso da linguaxe inclusiva en toda a documentación (material didáctico, informes, comunicacións etc.).

### 5.7.3 Familias

- Repartir de forma igualitaria as tarefas domésticas.
- Permitir que as fillas e fillos teñan as afeccións que desexen sen ter en conta os estereotipos de xénero.
- Facilitar a elección de estudos e traballos sen ningunha distinción polo xénero.
- Colaborar no desenvolvemento do plan de igualdade para garantir a igualdade de xénero entre os seus fillos/as.

## 6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS

| LIÑA ESTRATÉXICA | OBXECTIVO | MEDIDAS CONCRETAS |
|---|---|---|
